

LATRICADAS

25

maio 2020



IES Muralla Romana

ÍNDICE

Letras Galegas 2020 *Ricardo Carvalho Calero (1910-1990)*

Equipo de traballo:

Departamento de Lingua Galega e Equipo de Dinamización Lingüística
Club de Lectura «Lecturas e Andanzas»

Deseño da portada:

«Vinte coa lingua», Houssame Kharroubi, 2º B.

- 2 | Letras Galegas 2020: Ricardo Carvalho Calero
- 4 | Cerebro e forza
- 5 | Samaín
- 8 | A sanidade
- 9 | Día Internacional contra a violencia de xénero
- 11 | Maratón de cine co club Argalleir@s das Letras
- 12 | Eran outros tempos...
- 14 | Concienciad@s coa Nai Terra
- 17 | Día da Non Violencia e da da Paz
- 19 | Entroido
- 20 | Crónica da viaxe a Ámsterdam
- 22 | Curso para voar
- 23 | Lembrando a Rosalía de Castro
- 25 | 8M: Día da Muller
- 26 | Coronavirus: unha visión do COVID-19
- 28 | Recomendacións de lectura polo Día do Libro
- 29 | Luz Pozo Garza: percorrido biobibliográfico
- 30 | Continuadores/as da tradición
- 31 | Palabras para a corentena
- 36 | Rexurdir
- 37 | Relación de actividades extraescolares e complementarias do curso 2019-2020
- 39 | Peche

BIOGRAFÍA:

Realiza estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Achégase á cultura galega participando no Seminario de Estudos Galegos (SEG) e nesa institución entra en contacto con outros persoeiros destacados do galeguismo. Ademais, naqueles anos colabora na revista *Nós* con poemas e artigos variados.

Publicou en 1931 o seu primeiro poemario intitulado *Vieiros*. Ese mesmo ano participou en Pontevedra na asemblea constituínte do Partido Galeguista, xunto con Castelao, entre outros.

En 1932 instalouse na súa cidade natal, Ferrol, onde gañou por oposición unha praza como funcionario do concello. Asemade, seguía os estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, que rematou en 1936. A súa dona, especialista en Historia, foi quen lle descubriu os “valores humanos da sociedade rural galega”.

A guerra civil sorprendeuno en Madrid, onde opositaba para unha cátedra de profesor de ensino medio de Lingua e Literatura españolas. Foi miliciano neste período e, ao acabar a guerra, condenárono a once anos no cárcere. Regresou en 1941 a Ferrol en liberdade condicional. Inhabilitado para realizar o seu traballo na función pública, obtivo algún traballo en centros de ensino privado. As obras escritas durante este período viron a luz anos despois, ao igual que os recordos desta época quedaron plasmados nalgunhas das súas obras máis célebres.

En 1950 traballa como director no Colexio Fingoi de Lugo. Ademais, vai formar parte da editorial Galaxia e ser colaborador habitual de revistas como *Grial* ou *La Noche*. A finais da década dos anos 50, ingresa na Real Academia Galega cun estudo sobre a obra de Rosalía de Castro. En 1965 instálase en Santiago de Compostela, onde traballará como profesor no Instituto Rosalía de Castro e como docente na Universidade de Santiago de Compostela; traballo este último ao que se dedicaría en exclusiva a partir de 1972, ano no que se converteu no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galegas.

A partir de 1975, Carvalho Calero será un gran defensor, e figura de referencia, do movemento reintegracionista, que propugna a aproximación do estándar galego ao portugués.



OBRAS:

- *Vieiros* (1931), poesía.
- *O silencio axionllado* (1934), poesía.
- *Anxo de terra* (1950), poesía.
- *A xente da Barreira* (1951), novela.
- *Poemas pendurados de un cabelo* (1952), poema.
- *7 ensayos sobre Rosalía* (1952)
- *Sete poetas galegos* (1955), ensaio.
- *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía* (1959), ensaio.
- *Salterio de Fingoy* (1961), poema.
- *Versos ñorados ou esquencidos de Eduardo Pondal* (1961), ensaio.
- *Historia da literatura galega contemporánea* (vol. 1, 1963; edición da obra completa, 1975; 3ª ed., 1981), ensaio.
- *Gramática elemental del gallego común* (1966), ensaio.
- *Sobre lingua e literatura galega* (1971), ensaio.
- *Scórpio* (1987), novela.
- *Catro pezas* (1971), teatro.
- *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro* (1979), ensaio.
- *Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle Inclán*, 2 vols. (1979 e 1982), ensaio.
- *Pretérito imperfecto, 1927-1961* (1980), compilación poética.
- *Problemas da Língua Galega* (1981), ensaio.
- *Futuro condicional, 1961-1980* (1982), compilación poética.
- *Da fala e da escrita* (1983), ensaio.
- *Teatro completo* (1982), teatro (pezas como *A Arbre*, *Farsa das Zocas* ou *A sombra de Orfeo*, entre outras).
- *Letras Galegas* (1984), ensaio.
- *Cantigas de amigo e outros poemas, 1980-1985* (1986), compilación poética.
- *Escritos sobre Castela* (1989), ensaio.
- *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989), ensaio.
- *Reticências, 1986-1989* (1990), compilación poética.
- *Do galego e da Galiza* (1990), ensaio.

Colaboradoras na redacción deste texto: Lucía Paredes Barreiro, Samra Noreen, Sana Esshaibi Cheqraoui, alumnas de 2º Bacharelato, e Judith Corredoira Rábade, alumna de 4º B.



Cerebro e forza

Achegámonos ás aventuras do lendario Heracles con tres dos seus traballos nos volumes *El Heroe*, de David Rubín. Foron pasaxes especialmente interesantes, porque nos romperon os esquemas do heroe como “un home invencible polo seu poder físico e a súa forza divina”.

No **quinto traballo**, a súa misión era diferente. Ao enfrontarse ás aves de Estínfalo (Estinfalia), de pico, ás e garras de bronce, as súas frechas non foron suficiente. Desolado, necesitou axuda externa para resolver o problema. “Vaia!”, pensamos, “a primeira vez que Heracles non é quen de acabar un traballo por si mesmo”. Suspiramos, comprensivos, dende unha nova perspectiva... despois de todo tiña defectos e fallos. Iso dálle máis valor aínda.

Sexto traballo: Limpar as cortes de Áugeos, rei de Elis, cuxo gando era o mellor da comarca. A falta de aseo no interior do establecemento estendía un olor fétido por distintas zonas do Peloponeso, así que Euristeo se encargou especialmente de enviar a Heracles sen contratemplos. É o primeiro traballo no que utiliza a cabeza. No canto de preferir a forza, e carrexar caldeiros de auga dun lado para outro, pensa unha solución rápida e práctica. Cambiou os cursos dos ríos Alfeo e Peneo para que pasasen polas cortes e quitasen toda a porcallada. Brillante, non? Outra nova perspectiva do heroe.

O **sétimo traballo** consistiu en eliminar o touro salvaxe de Creta, creado por Poseidón, que seguía a petición da filla de Hera para tentar desfacerse do Heracles definitivamente.

Como despedida teño que lembrar que o máis importante é que David Rubín recalca, xunto aos antigos gregos, a importancia dun cerebro ben asentado, sen deixarse levar nada máis que pola masa muscular. Mensaxes morais clásicas dun clásico mestre do cómic.

Iria Liñares, 1º Bacharelato



BICOS EN PARÍS

• 21.12.2018 •

Efémero, instantáneo. Talvez en Montmartre, co embriagador ulido da cana de vainilla e o doce coco. Pode ser que nun bulicioso e desagradábel garito no medio dun bulevar abandonado no día, mais farto de negros gatos que reparten o seu mal farío a indecisos bébedos na noite, co fedor máis alcohólico e a enordecedora brisa musical. Inclusive, podemos imaxinar como se alimenta o noso sentido olfactivo mentras cruzamos unha rúa festiva e ateigada de familias, amigos e culturas. E, evidentemente, non descartemos a opción de vernos compracidos ao tempo que sentimos esa esencia característica e inigualábel do incenso de lavanda, torta de arandos e fogar.

Porén, o factor común desta composición acada un merecido segundo plano no fugaz e perecedoiro. Segundos que semellan minutos, ou talvez horas que se ven resumidas no noso chascar unísono, mestura de viño doce e lima de sangría, dissaronno amaretto e mojito. Peles incandescentes en contacto, ardentes porque nos nosos recordos sempre foi e será efémero, instantáneo.

Gwenaëlle Álvarez Pouliquen, 4º A

SAMAÍN

Coa celebración do Samaín aproveitamos para exercitar o noso enxeño e a nosa lingua creando regueifas e coplas:

REGUEIFAS



*Xa comeza o Samaín
estou chea de ilusión,
tanto tempo agardando
entusiasmada de emoción.*



*Xa che chega o samaín
non me sexas folgazán,
levante tes que disfrazarte
ou quedarás cun mazapán.*

*Monstros, curuxas e sustos
por todo o bulevar
eu non sei que vou facer
para conseguir escapar.*

*Xa chegou o inferno
non penso disfrazarme
non quero pasar vergonza
así que deixa de mirarme.*

*Cabazas e lambetadas
témosche que conseguir,
o Samaín é sen duda
a festa para non durmir.*

*Eu non falo de disfrazarme
só che quería durmir,
pero non te preocupes
que xa non penso discutir.*

*Tereime que ir marchando
para das pantasma fuxir
porque eu tan só che desexo
que remate o samaín.*

*Disfrázate dunha vez
que che toca decorar.
Non te fagas o pailán
e ponte xa a traballar.*


Jennifer F.

Alicia Iliescu





A SANIDADE NOS EEUU



O funcionamento da sanidade nos EEUU non comprende ningunha lóxica, xa que, aínda sendo un dos países máis ricos do mundo, non teñen un bo sistema sanitario pola necesidade de privatizalo.

As grandes aseguradoras do país tratan a sanidade coma un negocio, de alí que teñan ás veces que facer un xogo sucio con respecto á busca de pequenos defectos nos seus contratos, buscando enfermidades que tiveron que non se consideran graves ou algún preenfimidade que lle indicara que ía ter e que non fixo nada para evitala.

O dereito á protección da saúde nas sociedades contemporáneas desenvolvidas é un ben que o cidadán espera que sexa distribuído de acordo coa necesidade, coma criterio dominante. Este parece ser un criterio de distribución xusto, non a capacidade de pago. En Estados Unidos acontece todo o contrario, os cidadáns con máis diñeiro teñen unha mellor atención por podela pagar.

Os gastos sanitarios son sufragados grazas a que máis dun terzo de estadounidenses reciben a súa cobertura sanitaria en programas públicos. O goberno é responsable de cubrir aos pacientes caros, así que acaba correndo coa metade de todo o gasto sanitario, arredor dun 8.5 do PIB.

A sanidade americana é increíblemente ineficiente. Ninguén no mundo gasta tanto en sanidade como Estados Unidos e ninguén gasta tanto deixando á vez case un 10% da súa poboación sen seguro.

Actualmente a sanidade en América non se trata dun sistema universal, mais os candidatos demócratas propoñen medidas para ampliar o acceso á atención médica e reducir o seu custo, propoñendo un plan de atención sanitaria universal.

A Constitución da OMS constatou que o grao máximo de saúde que se pode lograr é un dos dereitos fundamentais de todo ser humano. O dereito á saúde inclúe o acceso oportuno, aceptable e asequible a servizos de atención de saúde de calidade suficiente. Porén, en EEUU o goberno móstrase incapaz de asegurar ese dereito e de opoñer a súa lexislación.

En España o dereito á protección da saúde esta recollido no artigo 25.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos onde se di que toda persoa ten dereito a acceder á sanidade e a ter un nivel de vida adecuado.

A conclusión é que a sanidade en EEUU se usa coma un negocio; sempre pensan en obter un beneficio económico mais que na procura de salvar vidas. Ás veces poden denegar unha operación que, mesmo eles, saben que che vai salvar a vida por aforrar uns cantos miles de dólares.

Nahir Armesto Pallares, 3º A

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

25 N

Cada 25 de novembro celébrase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Denúnciase a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclámanse políticas en todos os países para a súa eliminación. Aquí deixamos algunhas achegas para rexeitar calquera acto sexista:

Odio cruel
Mortes negativas
Egoísmo malo
Berros espantosos
Violencia dolorosa
Feridas abertas
Mulleres soas
Mulleres atrapadas
Lazos violetas
Auxilio necesitado

Karla Ocampo, 1ºESOB

Violencia brutal
Machismo vermello
Feridas grandes
Bágoas tristes
Maldade escura
Estereotipos machistas.
Feminismo xusto
Liberdade violeta
Mulleres fortes
Igualdade necesaria.

Rayo López, 1ºESOB

Lazo violeta
Coiteo afiado
Puñal escuro
Pistola gris
Egoísmo malo
Odio cruel
Feridas fortes
Negróns morados
Inxustiza negra
Ansiedade continua.

Celia Rodríguez 1ºESOB

RAP CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Odio cando escoito que fas dano
é inxusto que uses o maltrato
simplemente por egoísmo
que se converte en machismo.

Ela está soa
nun recuncho sen saída.
Ela quere estar viva
e que rematen os lazos da vida.

Unha pelexa que se converte en ferida
con esas bágoas caídas.
Unha pelexa que se converte en desprezo
cando a muller non merece iso.

Ela está soa
mun recuncho sen saída.
Ela quere estar viva
e que rematen os lazos da vida.

Fóra estereotipos machistas!
Igualdade social!
Mulleres libres!
Respecto total!
SEMPRE VIVAS!
SEMPRE VIVAS!
SEMPRE VIVAS!
SEMPRE VIVAS!

.....
Letra escrita polo alumnado de 1ºESOB

Dano grande
Inxustiza negra
Egoísmo inexplicable
Feridas profundas
Tristeza fonda
Negróns dolorosos
Desprezo odioso
Castigo escuro
Machismo violento
Vidas destrozadas

Zaida Radoy 1ºESOB

Egoísmo egocéntrico
Inxustiza total
Mortes violentas
Desigualdade social
Negróns escuros
Homes maltratadores
Feridas sangüentas
Furia enorme
Muller angustiada
Igualdade desexada.

Anahí Ocampo, 1ºESOB

Inxustiza terrible
Egoísmo irracional
Respecto máximo
Negróns escuros
Desprezos humillantes
Feridas sangüentas
Enfadados tremebundos
Berros altos
Sangue vermella
Maltrato intolerable

Javier Lambrita, 1ºESOB

Tristeza infinita
Bágoas innecesarias
Dor enorme
Agresión física
Poder masculino
Machismo inxusto
Odio psicolóxico
Educación igualitaria.

José María, 1ºESOB

Maltrato doloroso
Insultos constantes
Silencio obrigado
Voz inexistente
Bágoas inxustas
Tristeza innecesaria
Feridas diarias
Morte indesexable.

Jennifer Fernández, 1ºESOB

Dor insoportable
Violencia angustiada
Asasinato demencial
Control abusivo
Agresións físicas
Machismo detestable
Feminismo loitador
Igualdade efectiva

Alexandra Fraga, 1ºESOB

Golpes continuos
Tristeza oculta
Corpo dorido
Dor profunda
Medo constante
Engano terrible
Denuncias múltiples
Xuízo xusto
Axuda necesaria
Muller valente

Sara Pico, 1ºESOB

Dor inmensa
Machismo inxusto
Igualdade social
Respecto necesario
Violencia dolorosa
Tristeza constante
Bágoas profundas
Relación tóxica
Valeria San Julián.

Valeria San Julián, 1ºESOB

Maltrato terrible
Acoso inimaxinable
Violencia repugnante
Inxustiza denigrante
Tolerancia desexada
Igualdade cotid.

José M. Rodríguez, 1ºESOB

Inxustiza odiosa
Egoísmo irracional
Negróns escuros
Odio malo
Desprezo inxusto
Furia máxima
Enfadados inexplicables
Enganos ignorantes
Berros fortes
Puñazos duros.

Jairo José Yañez, 1º

Desigualdade social
Discriminación
Inexplicable
Egoísmo intolerable
Desprezo incoherente
Feridas graves
Berros fortes
Mortes violentas
Dano continuo
Mulleres prexudicadas
Homes agresivos.

Lara Vega, 1ºESOB

Machismo irracional
Celos posesivos
Violencia agresiva
Perigo instantáneo
Sufrimento doloroso
Angustia nerviosa

Hallewiel Domene, 1ºESOB

Desprezo grande
Perigo eterno
Desconfianza dolorosa
Mulleres desprezadas
Sangue vermella
Egoísmo cruel
Homes abusadores
Cárcere escuro
Ferida sangüenta
Lazo forte

Ester Pardo, 1ºESOB

Voz poderosa
Forza inmensa
Egoísmo hipócrita
Dor inxustificada
Odio incorrecto
Violencia inxustificada
Abuso indebido
Desigualdade inxusta
Igualdade maravillosa
Empoderamento vitorioso

Isela Toca, 1ºESOB

Violencia machista
Tristeza profunda
Dor intensa
Agresións violentas
Mulleres desprezadas
Mortes inxustas
Inxustiza total.
Respecto necesario!

Marta Vega, 1ºESOB

Violencia tormentosa
Dor innecesaria
Tristeza inmensa
Bágoas dolorosas
Sentimentos fríos.
Respecto necesario
Igualdade pacífica
Educación Igualitaria

Araceli Pico, 1ºESOB

Agresión física
Liberdade feminista
Defensa social
Impotencia finalizada
Conflicto innecesario
Valentía compartida.

Esperanza B. Orellana, 1ºESOB

Ferida dolorosa
muller angustiada
homo violento
egoísmo preocupante
violencia problemática
preocupación expandida
desigualdade grande
dor intensa
Furia enorme
Igualdade desexada!

José Carlos Vardi, 1ºESOB

Lazos violetas
Homes maltratadores
Mulleres desprezadas
Discriminación odiosa
Inxustiza mala
Negróns morados
Egoísmo egocéntrico
Feridas abertas
Sangue vermella
Cárcere escuro

Isabel Rodríguez, 1ºESOB

Liberdade individual
Igualdade xusta
Amizade resistente
Oportunidades iguais
Xenerosidade infinita
Respecto esencial
Machismo inexistente
Sinceridade nobre
Tolerancia absoluta
Egoísmo impensable

Marta Vega, 1ºESOB

Medo continuo
Desconfianza celosa
Maltrato psicolóxico
Acosador violento
Violador agresivo
Prisión merecida.

Sandra Diaz, 1ºESOB

Violacións continuas
Igualdade inexistente
Negróns grandes
Vítimas inocentes
Inxustiza visible
Egoísmo contaxioso
Cárcere escuro
Denuncias constantes
Maltrato impropio
Sangue vermella.

Iván Simoes, 1ºESOB

Machismo inxusto
Dor insá
Sufrimento triste
Superioridade
Innecesaria
Autoestima inexistente
Desigualdade constante
Violencia abrumadora
Depresión dolorosa.

Candela Fernández, 1ºESOB

Violencia innecesaria
Tristeza diaria
Dor constante
Agresión continua
Celos violentos
Remorsos innecesarios
Morte dolorosa
Machismo irracional.

Alexa López, 1ºESOB



Violencia inxusta
Berros dolorosos
Corazón roto
Bágoas amargas
Estereotipo innecesario.
Igualdade importante
Respecto diario

Marta Penín, 1ºESOB



Imposición totalitaria
Tiranía agresiva
Inxustiza social
Doutrina separatista
Machismo psicolóxico
Acosador violento

Angel D. Penades, 1ºESOB



O 28 de novembro de 2019, o IES Plurilingüe Castro da Uz (As Pontes) convidounos a pasar unha noite vendo películas xunto ao alumnado do club de lectura (Argalleir@s das letras). Cando chegamos axudámoslos a colocar as colchonetas no salón de actos, onde iamos pasar a noite.

Antes de comezar as películas, saudámonos e démoslles uns agasallos (dous libros para a biblioteca, marcapáxinas deseñados por nós e uns bolis) en sinal de agradecemento por convidarnos. Un pouco máis tarde do previsto (xa que eramos arredor de cen persoas...), sobre as 20:30h comezamos a ver a primeira das películas, *El héroe de Berlín*, que rematou ás 22:30h.

Tocaba descansar para cear, tamén nos invitaron a unhas riquísimas pizzas. No tempo da cea seguimos coñecéndonos... Rematado o descanso continuamos coas seguintes catro películas ata as sete da mañá.

Había que recoller o salón de actos e deixalo en perfectas condicións antes. Á hora de recoller, @s "lector@s e andantes" non nos preocupamos diso moito e só comezamos a axudar cando "nos botaron a bronca". O importante é que ao final quedou todo recollido, cadeiras colocadas e listo para o seu uso... Despedímonos (aínda que non de todos e todas) e subimos xa ao autobús para volver ao insti.

Queremos agradecervos a vosa invitación e esperamos repetir os vindeiros anos, xa que nos COMPROMETEMOS a ser solidari@s e manter silencio en todas as películas para que todos e todas poidamos gozalas.

Aínda que "algunhas persoas" pensen que non vimos as pelis, si que as vimos, e podemos dicir que a que máis nos gustou foi *Divergente*. *Ex- Machina* resultounos un pouco "rara". Tamén nos gustou *El héroe de Berlín* (aínda que algo longa) e démonos conta de que non puidemos ver *Figuras ocultas* porque daba problemas e no seu lugar vimos *Custodia compartida*. Como vedes gozamos das pelis, da compañía e da experiencia, pero recoñecemos que armamos algo de barullo.

Agora deixámosvos cunha lembranza deste día:



Eran outros tempos...

Esta é unha foto dos membros dunha orquestra, aproximadamente é de finais dos anos 50, sobre 1958. Nela aparece o meu avó materno, Pepe. É o que está situado á esquerda e sostén un micrófono. É unha foto de estudio, supoño que para promocionar a orquestra. El era o vocalista, a principal figura, por iso parece que dirixe ao resto. Sempre lle gustou moito cantar e facíao moi ben. Naceu no 1936 e miña avoa di que a foto se fixo cando volveu da mili. A orquestra chamábase "Los Candales" e ía polas festas das vilas. O vocalista sempre era moi ben mirado e levábano a comer á mellor casa do lugar. O meu avó, que era de Pías, preto de Lugo, coñeceu a miña avoa cando foi tocar a Bascós, en Monforte de Lemos; aquel día tocoulle ir comer á casa dela.



A profesión de vocalista de orquestra non creo que fora moi común daquela. Non hai mulleres na orquestra, iso tardaría moitos anos.

Lorena Pérez Vázquez, 2º A

Nesta foto aparecen a miña nai e a miña avoa. É de 1976-1977. Naquela época vivíase de maneira moi diferente á de agora. Meus avós sempre traballaron no campo. Tiñan unha ducia de vacas, galiñas, becerros, polos,... Muxían as vacas para poder ter leite para consumir e criaban porcos e becerros para matalos para comer, igual que polos e galiñas (que daban ovos para comer).



Neses tempos non tiñan todo o que querían: comíanse produtos producidos no rural sen apenas comprar nada no supermercado. Comprábase roupa 1 ou 2 veces ao ano. A vestimenta era moi simple. Nada que ver coa actual.

Noemí Díaz Pérez, 2º A

Nesta foto está n meu avó e súa irmá (miña tía) Meu avó naceu no 1955. Esta foto será sobre o ano 1964, pois neste tempo el tería sobre 9 anos.



Foi feita na eira diante da casa de meus bisavós. A casa está nunha aldea, en San Martiño de Bra, no concello de Friol. As súas vestimentas comparadas coas da nosa época eran moi clásicas. Parece que debían ir a algún evento importante debido ás súas prendas de vestir (moi elegantes para aquela época).

Yoel Barrios Lamas, 2º A

Concienciad@s coa Nai Terra

Esta foto é de 1970 e foi realizada en Mascate, Omán. Nela aparece o meu avó, o home da esquerda, e o meu primo, á dereita. Nesa época o meu avó e primo eran albaneis e estaban indo ao lugar de construción no coche. A roupa que levan posta é propia do noso país. Denomínase *shahwar kameez*, unha vestimenta común e famosa que utilizan as mulleres e os homes en Asia do Sur e Asia Central. As formas de vida eran regulares, poucas persoas tiñan coches.

Rehan Anwar, 2º A



Esta fotografía é do ano 1975. Foi tomada o día do bautizo de meu pai diante da igrexa na que se celebrou a cerimonia. Nela están meus avós, os tíos de meu pai e meu tío.

A miña avoa é a que leva un vestido verde. Todos levan os pantalóns moi anchos e ata os pés, case non se lles ven os zapatos e o peiteado das mulleres ondulado. Fíxome que a roupa, sobre todo a das mulleres, cambiou moito. Parece que non usaban moito tacón, non se maquillaban moito e utilizaban roupa moi sobria.

Meus avós tiñan sobre 25 anos. Naquela época tiñan máis fillos e casaban moito máis novos que agora. Está claro que as xeracións van cambiando ao longo do tempo, cambian as modas, as formas de vida, etc.

José Ramón Maseda Carracedo, 2º A



Esta fotografía foi realizada no ano 1966. Nela aparecen os meus bisavós xunto cuns veciños da aldea e colindantes. Ían para a festa do Carmen que se facía ao lado da súa casa en Penarrubia (Baralla). Fixeron a foto cando estaban todos vestidos para ir a misa que se celebraba ese día. Está feita na



aira, polo palleiro que hai detrás, xa que era no mes de agosto cando se recollía o centeo na zona e ata que se mallaba quedaba colocado desa maneira, por se chovía que nos se mollase o gran.

Nela podemos ver que os homes daquela vestían traxes escuros e as mulleres que tiñan algún familiar falecido vestían de loito (negro). As raparigas adoitaban levar vestidos claros por riba dos xeonllos. Despois da misa ían comer ao aire libre nun campo habilitado e, como non, máis tarde de verbena, aínda que xa sabían que ao día seguinte tiñan que madrugar para ir traballar o campo.

Iria González Raposo, 2º A

Nesta foto está a miña familia no ano 1968. A rapaza das lentes escuras cunha cinta branca no pelo é a miña avoa. Se vemos a foto de dereita a esquerda, aparece a miña avoa coa súa filla maior ó seu carón, que é a miña madriña. Por enriba delas vemos a miña bisavoa e os meus tíos-avós (aínda que daquela eran nenos). Os rapaces case non teñen xoguetes, salvo a miña tía que ten un balón. Na parte de atrás da foto hai un camiión e un coche da época.

É unha tradición que aínda se conserva hoxe en día. As familias xúntanse o 25 de xullo para celebrar o Santiago na coñecida Festa da Fraga das Pontes



Sara Gómez Barcón
2º A

O tema do que imos falar é algo que nos preocupa e -cremos- debe importar a todo o mundo. Por iso, lanzamos unhas preguntas que nos xorden e que agardamos fagan reflexionar.

Algunha vez pensastes en coidar o que nos sustenta?

Sabedes a quen nos referimos cando falamos de quen nos sustenta?

Quen nos alberga sen pedir nada a cambio?

Que facemos nós para agradecerlle a súa amabilidade?

Coidamos este “habitáculo” para que outras persoas poidan gozar del nun futuro?

Sendo tant@s hóspedes “incivilizad@s”, dubidades que algún día acabaremos con el/ela?

Gustariavos mergullarvos nun mar de plástico?

Que facedes para coidar o PLANETA, A NOSA NAI TERRA?

Aquí estamos para achegarvos o que fixemos nós para PROTEXER O NOSO PLANETA, xa que sen el non seríamos ninguén. E que mellor que comezar polo que está máis preto!

Porque non queremos un patio así:



Mayra Moure (Ancaria Xestión Medioambiental) no Taller de Reciclaxe (21.10.2019) púxonos os pés na terra ao falar da situación que vive o planeta. Grazas a ela contamos con estes contedores para comezar o noso traballo de reciclaxe.



As representantes de ADEGA Lugo tamén nos centraron no importante que é o consumo responsable falando dos residuos e as tres RS e continuaron achegándonos información para que o noso horto medre e creza como se merece.

Nós aproveitamos ademais para participar nunha andaina pola ribeira do Miño, é dicir, rodead@s de natureza e do que ela nos achega. E como queremos COIDAR a quen nos permite VIVIR, axudamos facendo uso dos contedores que están tanto dentro do instituto como no patio, recollendo lixo no patio os venres no recreo e colaboramos nos deseños dos logos identificativos de cada contedor.

E aquí vos deixamos algúns haikus que os /as nosos/as compañeiros/as de 1º ESO crearon para amosar o importante que é para eles e elas a natureza:



ASÍ QUE SE QUEREDES SEGUIR GOZANDO DE TODO O QUE NOS OFRECE A NATUREZA, A TERRA, O PLANETA NON DUBIDES EN UNIRTE A NÓS!



As Brigadas de Lecturas e Andanzas

Calendario 2020 realizado coas fotografías premiadas no concurso "Un mes, unha muller!":



Dúas das fotografías premiadas.

30.01.2020

Día Escolar da non Violencia e da Paz



Cartas e correos electrónicos á paz:



Querida paz:

Quería dicirte que non vou permitir que ningún se esqueza de ti, de feito, vou axudarche a que no mundo non haxa máis maldade e que só ti reines. Ti es a que fai que as persoas non pelexen e ti tes un día especial, onde as persoas te celebran. Desexo que reines en todo o mundo e que nunca faltes, porque ti trae a felicidade ao noso planeta. No meu mundo só hai paz e ese é o mundo que eu quero. Non quero guerras. Non quero maltrato. Non quero inxustizas. Só quero PAZ.

Bicos:

Anahir



Ola, paz:

Gústame moito o traballo que fas no noso planeta, que é manter a todos os humanos en amizade, amor e todas esas cousas porque o teu nome "PAZ" significa lealdade, amor, amizade etc. Pero, por desgraza, non a todo o mundo lle gusta o traballo que ti tes.

Cambiando de tema, dentro de pouco é o teu aniversario e desexo que sexa suficiente que celebremos unha festa no teu honor, aínda que ti mereces iso e moito máis.

Oxalá algún día todos os humanos coñezamos a túa valentía.

Un saúdo

André



Estimada paz:

Escriboche para dicirte que grazas a ti non hai tantas guerras e que es benvida en case todos os fogares. Teño a esperanza de que as guerras acaben e que ti esteas en todo o mundo para que non haxa xente mala, nin roubos, nin morra xente por asasinios, nin discriminacións ás persoas negras ou ás que lle gusta o mesmo sexo. Oxalá se cumpra o meu desexo e que ti esteas en todo o mundo e que as persoas sexan felices no mundo enteiro. Ponte as pilas, porque o odio cada vez está máis no mundo e a xente pelexa por parradas cando non saben apreciarte. Non saben que é mellor estar feliz e contentos que estar enfadados ou pelexando.

Un saúdo enorme.

Karla



Boas tardes, querida paz:

Paz, iso queren todos e todas, pero estás escondida, non saes do teu agocho e o mundo necesítate porque sen ti nada sería igual.

Estás en poucas persoas, pero igual é porque eles non son felices. Se a teñen e senten algunhas persoas, por que non a temos todas? Así viviríamos felices, tranquilos e en paz. Sen violencia, maltratos, roubos etc... Todo isto ten que acabar para conseguir un mundo feliz e saudable.

Un gusto poder escribirche e espero verte pronto.

Joseppe, 2ºPMAR



Falamos e sentimos a paz:

A paz, ese sentimento que é como estar nas nubes ou durmindo. Pero como ter paz nun mundo no que a maioría mira só por si mesmo? Cando falamos da paz, o primeiro no que pensamos son nas guerras, na falta de respecto ante as diferenzas de sexo, etnia ou preferencias sexuais, entre outras. Ante esta realidade é necesario construír un camiño onde todos e todas poidamos transitar cara a unha paz digna. Onde se respecten os dereitos de igualdade entre homes e mulleres. Un camiño cheo de empatía, onde antes de xulgar nos poñamos no lugar das outras persoas, intentar ver o mundo dende a súa perspectiva. Aprender a perdurar para desfacernos dos sentimentos negativos e así vivir en paz e harmonía nun mundo onde en calquera lugar sintamos esa paz, que non importe onde ou con quen esteamos. Adoitamos pensar só nos nosos problemas, pero, sabías que hai xente moito peor ca nós? Xente sen fogar ou maltratada. Cando nos preocupamos só por nós e esquecemos o significado da empatía, a importancia de pedir perdón ou axudar os demais imos mal. Axudar con algo pequeno, algo insignificante para nós, pode ser algo especial para outra persoa. Por que non pensar o felix que sería un mundo con paz?
Alejandra Alicia Niescu, 2ºESOB

A paz aseméllase á tranquilidade infinito e non se debe alterar. Conseguila é tremendamente difícil, xa que, a miúdo, hai elementos que a perturban. É tan importante e necesaria coma a felicidade. Sen ela non poderíamos perdurar. Acabaríamos uns cos outros. É máis fermosa que todos os sentimentos bos, xa que sen ela estes volveríanse escuros e irracionais. Non se consegue con facilidade, senón cun duro traballo día a día e sen descansos. A pomba é o seu símbolo, pero o seu significado é infinito, non ten límites. É o máis fermoso deste mundo, vai no interior de cada un de nós. Cada un pode facer o que queira con ela: destruíla, coídoala, facer que medre... Na actualidade, a paz é moi inestable. Calquera desacordo pode rematar en discusión, calquera diferenza de ideas pode provocar unha guerra... Neste mundo tan complexo, onde as liberdades e intereses de uns e doutros chocan, debemos ser moito máis tolerantes e respectuosos. Temos que ter en conta que a necesitamos irremediamente para poder vivir.
Alexandre Fraga, 2ºESOB

Adiviñas:


O seu símbolo é unha pomba,
polo mundo vai voando
e se non a ves
fíxate cando vas andando.
Lara

Ai!, rapaz es ti pouco capaz
e ben trapalleiro
A que non sabes que simboliza
unha pomba cun loureiro?
Sara Pico

É algo esquiva
desde moitas perspectivas,
encántanlle as oliveiras,
a ver se atinas.
Zaida

Trátase dun animal pequeno e fermoso
pero non é un oso.
Voa feliz e contenta
dando alegría ás novas vivendas.
André

Se sentes a bondade,
o respecto,
a tranquilidade,
e ves unha pombiña branca...
Que sentirás?
Sergio



Pombas brancas
voando no ceo,
fermosas e tranquilas,
serenas e pacíficas.
Que simbolizan?
Iria

Loitando contra a guerra
sempre a verás
e cunha pomba branca
sempre voará.
Quen será?
Eider

Unha ave é,
pero real non é.
Todas as persoas
cremos nela.
Que ave é?
Miguel

É unha pomba,
pero pomba non é.
Voa coa súa oliveira
e se atinas que simboliza
non serás preguiceira.
Bieito

No mundo está
e quere axudar.
Como sinal
unha pomba verás.
Que será?
Karla



O 21 de febreiro celebramos o Entroido coa temática **A MULLER NA SOCIEDADE DA SÚA ÉPOCA**. Houbo dúas modalidades: comparsas (por grupos clase) e individuais. Foi un día como esperabamos: alegría, humor, diversión e compañeirismo! O departamento de imaxe persoal (alumnado -2º FP Básica e ciclos- e profesorado) maquillou os/as participantes no festival para facelos aínda máis protagonistas nas súas actuacións.

O xurado decidiu que a comparsa gañadora fora “**Musas gregas, deusas romanas e sacerdotisas exipcias**”, formado polo alumnado de 1º B e o seu titor, Manuel.



A comparsa gañadora



A comparsa gañadora




A comparsa gañadora



Comparsa M&M's



Fin de festa



Aroa, presentadora; Noa, aos mandos do equipo informático.

Actividade extraescolar:

CRÓNICA DA VIAXE A ÁMSTERDAM:



Esta viaxe comezámola o alumnado de 4º ESO e 1º de Bacharelato o dezaseis de febreiro de 2020. O día 16 ás 8:30 da mañá collemos o autobús que nos ía levar ao aeroporto do Porto. Unha vez chegamos a Portugal, tiñamos que esperar aproximadamente tres horas para que despegara o avión. Nun principio, ía saír ás tres e media da tarde pero o voo cancelouse. Mentres as profesoras (Carolina, Sonsoles e Chus) falaban co centro para ver que podíamos facer, nós estabamos moi preocupados. Finalmente, decidiron ás sete da tarde ir coller o voo a Madrid. Chegamos a Barajas ás dúas da madrugada. Tocábanos esperar outra vez, xa que o avión non saía ata as 6:30 da madrugada. Cando, por fin, chegamos a Ámsterdam, estaba esperándonos o guía, que nos ía ensinar a cidade. O segundo día fomos ao Museo Rijksmuseum pola mañá e logo, pola tarde, deixáronnos ir ao centro a velo, ao tempo que aproveitamos para comprar algún recordo para a familia e os amigos. O terceiro día pola mañá fomos visitar o Museo de Anna Frank e pola tarde ao Barrio Vermello. O último día, o xoves, fomos ao museo de ciencia pola mañá. Tiñamos que coller o avión de volta ás 4, pero atrasouse ata as 10 da noite. Chegamos ao Porto ás dúas da mañá. Logo, outra viaxe en bús ata chegar a Lugo, ás 6 da mañá.

Yasser Cobas Buide, 4º B




12.03.2020

CURSO PARA VOAR

Gustaríame facer un curso para voar porque sempre estou nas nubes. O primeiro que se necesita é un propulsor que se activa se tes boa actitude e tamén é necesario un casco e traxe, por se queres ir ao espazo ver as estrelas que dan luz se estás ti contento.

Abdessamad Aksasse, 1º ESO



LEMBRANDO A ROSALÍA DE CASTRO




Os días 27 e 28 de febreiro celebramos no tempo de lecer o **Día de Rosalía** cunha chea de actividades: recitamos poemas, deseñamos pósters, fixemos insignias para repartir entre todos/as os asistentes ao acto, bailamos... e confirmamos que Rosalía segue estando de plena actualidade.

RECITAL POÉTICO ROSALÍA DE CASTRO

27 e 28 de febreiro No tempo de lecer

- "Hás de cantar" - Delén M. (profesora)
- Contesta Aroa (3ºESO) - "Cantarte hei Galicia"
- "Nasín cande as prantas nasén" - Sara (1ºESO B)
- "Cantan os galos pra o día" nas veces de: M. Fernas e Iría (profesor, alumna 1ºBAC)
- "Un repoludo gaiteiro" - Tame (profesor), Acompañado cunha canta por Zanillo (profesor) e bailarínas (alumnas)
- "Quixente tanto meniña" - Cristina (da oficina)
- "Adiós ríos, adiós fontes" - Corris (director)
- "Non che digo nada..." - Candela (2ºESO B)
- "Proba Galicia, non debes" - Vanesa (profesora)
- "Turra, turra" - Antía e dúas veces máis (alumnas de 4ºESO)
- "Eu cantar, cantar, cantei" - Lucía (2ºESO A)
- "(Follas novas), ría d'ame" - María (profesora)
- "Dúe pasa ao redor de min" - Silvia (seña de estudos)
- Bilenciol - Hugo (2ºESO B)
- "Unha vez tiver un cravo" - Joel (1ºBAC)
- "Cando penso que te fuchas" - Vicente (profesor)
- "A existencia pela man" - Lucía (2ºBAC)



Non che digo nada...
/Pero vaia!

Pasan naquesta vida
cousas tan estranhas,
tan raras feitas vense
neste mundo de trampa,
tantos milagres vellos,
tan novas insinanzas,
e tan revoltos allos
con nome de ensaladas,
que non che digo nada...
/Pero vaia!

NON CHE DIGO NADA, /PERO VAIA!

PASAN NAQUESTA VIDA COUSAS TAN ESTRANHAS,

TAN RAROS FEITOS VENSE NESTE MUNDO DE TRAMPA,

TANTOS MILACRES VELLOS, TAN NOVAS INSINANZAS,

E TAN REVOLTOS ALLOS CON NOME DE ENSALADAS,

QUE NON CHE DIGO NADA... /PERO VAIA!

Rosalía de Castro

POEMA

Quixente tanto, meniña,
tívenche tan grande
aior,
que para min eras lúa,
branca aurora e craro sol,
auga limpa en fresca fonte,
rosa do xardín de Dios,
alentiño do meu peito,
vida do meu corazón.

Así che talín un día
camiño de San Lois,
todo optimido de angustia,
todo ardente de pasión,
mentras que ti me escoitabas
depinicando unha froil,
porque eu non vise os teus allos
que refraxaban traicións.



POEMA

Dempois que si me dixeches,
en proba de teu amor
décheme un caraveliño
que gardin no corazón.
¡Negro caravel maldito,
que me freu de delcel!
Mais a pasar polo río,
je caravel afardoul...

Ten bo camiño ti levas
como o caravel levas.

Rosalía de Castro



#8M

DÍA
DA
MULLER

O 6 de marzo asistimos a un roteiro musical (en formato acústico voz-piano) polas diferentes mulleres autoras da historia nas voces de **Feminino Plural**, proxecto formado por Carla López e Silvia Penide. No acto, organizado polo departamento de Orientación e Vicedirección, puidemos gozar de pezas nas que as mulleres foron as autoras, mais tamén as protagonistas. Interpretaron traballos de Patti Smith, Guadi Galego, Eva Amaral, Mari Trini ou Sés, entre outras. Cantamos, bailamos e reflexionamos sobre o papel e a palabra das mulleres na historia da música.



Fotografía premiada no Concurso "Un mes, unha muller!"

Coronavirus: unha visión do COVID-19

27.04.2020


O coronavirus ten orixe na China; o primeiro caso en todo o mundo foi o 17 de novembro en Hubei. En España, o primeiro caso de COVID-19 deuse a finais de xaneiro, pero seguiuse cunha vida completamente normal ata o 13 de marzo. Desde entón, eu levo, coma tanta xente en Galicia e España, máis dun mes sen poder ver o meu pai e a miña irmá.

En Galicia, o primeiro caso foi o 4 de marzo (o primeiro claro, que se tivera constancia del) importado dende Madrid (principal foco de coronavirus en España). En España e, en xeral, no planeta, lamentablemente xa era demasiado tarde. Segundo ían pasando os días a pandemia cebábase máis e máis co noso país pero ninguén facía nada... Todo seguía igual, nun mundo no que o coronavirus estaba e está á orde do día. A vida española seguía practicamente igual.

Non foi ata o 14 de marzo cando se declarou o Estado de Alarma en España, cando xa había 309 finados en todo o territorio español e aínda así as cifras non cadran. Despois de 43 días pechados na casa, os números de finados no noso país ascende 23.521 pero fálase de que a mala contabilidade dos finados por culpa do goberno estatal e os autonómicos podería ascender entre 10.000 ou 12.000 máis. É importante destacar que España encabeza a lista de falecidos por coronavirus de Europa. Se falamos a nivel mundial, as cifras ascenden a 210.000 finados e máis de tres millóns de contaxiados (o que se traduce en 300.000 persoas máis das que viven na comunidade galega, poderíase dicir que toda Galicia está contaxiada).

E así chegamos aos días de hoxe, días de tristuras, de malas emocións e experiencias, e máis sabendo que a crise económica mundial está a piques de estoupar de novo. Iso vai levar a máis pobreza, máis recortes en sanidade e educación pública. Iso levará consigo unha privatización dos dereitos fundamentais en España. Os días que nos veñen por diante son duros e incertos. Non obstante, sempre queda un chisco de esperanza viva, para volver encher de novo as rúas, abrazar, bicar e falar coa nosa familia, saltar de emoción e que todo isto quede só e tan só como unha anécdota da que poidamos saír todos fortalecidos. Axudamos os sanitarios para pór o noso gran de area e conter a pandemia e así salvar vidas. Non entanto, non poderemos esquecer os que quedaron polo camiño, eses seres queridos que nos deixaron, loitando contra o coronavirus. Por eles, pola súa familia, pero tamén por todos nós, debémoslles como cidadáns respecto e recordo a todos eles. Todos nós podemos axudar o noso veciño ou veciña que acaba de perder un familiar pero, en xeral, debemos axudar a todo aquel que o necesite de verdade, máis en momentos coma estes.

Conforme pasan os días botamos de menos algo tan sinxelo como poder pasear en familia, quedar cos amigos/as, ir ao cine, viaxar á vila ou cidade do noso carón. En definitiva, todo iso que aprazabamos sempre porque pensabamos que tiñamos moito tempo por diante, pero o tempo demostrou de novo que non sempre hai un oco para poder facer aquilo tan sinxelo, por simplemente darnos pereza, pero que tamén hoxe simplemente añoramos. Todos, estou seguro que en maior ou menor medida, botamos de menos á nosa familia por moi “*repunantiña*” que chegue a ser. Todos añoramos a ese avó ou avoa que non nos para de bicar; botamos en falta ese pai ou esa nai que non para de dicirnos todo o día o que debemos ou non debemos facer. Todos queremos de novo xuntarnos con esa irmá ou irmán que nos saque de quicio. En xeral, todos queremos algo que antes, cando acontecía día tras día, nos molestaba, pero que hoxe botamos en falta.




Cando poidamos volver encher as rúas que hoxe permanecen solitarias, tristes e sen vida, faremos todo o que botabamos en falta, até aquilo que nos resultaba molesto dos nosos familiares, e cambiaremos estas rúas baleiras por camiños que ao final só nos levarán de novo á nosa felicidade, unha felicidade que pensabamos que non tiñamos e estabamos na súa procura, pero, si, si que eramos felices pero non nos decatábamos.

Detrás desta crise sanitaria vai quedar unha nova historia que abrirá un novo tempo no noso futuro e á súa vez decatáronos de que o consumismo perpetuo non leva a ningures. Nós os humanos somos os responsábeis desta catástrofe sanitaria; tentamos escudarnos botando a culpa aos animais, especialmente os cans. Eles a única culpa que teñen é darnos o seu amor durante toda a súa vida. Está situación non ten culpabéis directos pero si indirectos, e eses culpabéis somos todos e cada un de nós, polo noso consumismo en exceso, por querer vivir por enriba das nosas posibilidades e por usar os laboratorios de malas maneiras e usar os animais de coellos de indias. Esta é a grande oportunidade do ser humano de cambiar o rumbo do planeta, ou vai desta ou xa non irá xamais. Estou case convencido que saíremos todos desta xuntos, pero que nada será igual ou polo menos non recoñeceremos as nosas rúas.

David Lorenzo Barreiro, 4º B

Día do Libro



Este ano non puidemos celebrar o Día do Libro como nos gustaría, mergullándonos en andanzas compartidas pero, malia a distancia, preparamos unha gran variedade de recomendacións e lecturas virtuais. Porque o confinamento é unha lea pero tamén unha oportunidade para ler a esgalla. Aquí vos deixamos algunhas propostas, agardamos que vos gusten. Felices lecturas!

<p>Recoméndovos este libro. Titúlase: Xenaro e o misterio da mochila verde e escribiuno Mar Guerra.</p> <p>Vai dun neno de once anos chamado Xenaro Conese Malúsculo. Un día chegou un compañeiro novo que creou unha banda chamada, Os garropiñadas. No colexio comezaron a desaparecer cousas doutros compañeiros, e adiviñades de quen foi a culpa?</p> <p>Este libro é de misterios, aventuras e é moi divertido.</p> <p>Eider, 1ºESOB</p>	<p>O libro que me gustou é Hetty, unha historia real Autora: Hetty Verolme</p> <p>Conta unha historia real, a loita da supervivencia duns nenos nun campo de concentración durante a Segunda Guerra Mundial. Revela como ela e os seus irmáns superaron todas as adversidades tras ser separados dos seus pais, e levados á Casa de Nenos en Belsen (Alemaña)</p> <p>"Miña avoa materna vivía xusto ao baixar a rúa. Era a persoa máis marabillosa do mundo, e todo o vecindario a apreciaba. Todos a chamaban oma (avoa) Judy. A miña marabillosa avoa coñécíabanos mellor ca ninguén.</p> <p>Jairo José Yuste, 1ºESOB</p>	<p>Harry Potter y la piedra filosofal, J.K. Rowling</p> <p>Eu recomendo este libro porque é moi entretido. Vai sobre magos que van a unha academia chamada Howard, que é moi prestixiosa. Recomendócho lelo se es aventureir@ e estás aburrid@ nestes días de confinamento, porque o mellor que podes facer é ler e pensar que todo está ben e todas as persoas recuperadas.</p> <p>O libro que vos recomendo a min encantoume, espero que a vós tamén.</p> <p>Karla Ocampo, 1ºESOB</p>
<p>Eu recomendo o libro Lúa do Senegal de Agustín Fernández Paz.</p> <p>Este libro narra a pura realidade de moitas persoas que chegan doutro país buscando un futuro mellor. Esas persoas non son aceptadas tal e como son, sofren moito ata que conseguen facerse un oco nesa nova vida que teñen por diante.</p> <p>A min gustoume moito e agardo que vos axude a pasar este tempo que ás veces faise infinito.</p> <p>Jennifer Fernández Fariñas 2ºESO-B</p>	<p>O meu libro favorito é Caperucita en Manhattan. Este libro escribiuno Carmen Martín Gaité e trátase dun berro á liberdade, no que unha nena quere explorar Manhattan como fixo a súa avoa.</p> <p>Hugo Veiga 2ºESOB</p>	<p>Phantom BulletSword Art Online:</p> <p>é un conxunto de mangas escrito por Reki Kawahara e ilustrado por Koutarou Yamada, sendo a continuación do anime Sword Art Online. O protagonista, popularmente coñecido como Kirito, despois de terminar a súa aventura atrapado no videoxogo de realidade virtual Sword Art Online, sae un novo videoxogo diferente, Gun Gale Online. Seijiro Kikuoka, un funcionario do goberno, pidele a súa colaboración para investigar o incidente que rodea o xogo, pois varias persoas faleceron tras recibir un disparo en Gun Gale Online. Por outro lado, unha xogadora nomeada Sinon quere demostrar a moitos rivais poderosos. A razón da súa motivación preséntase neste conxunto de libros.</p> <p>Sofía Tizón, 1ºESOB</p>
<p>Eu recomendo o libro O enigma de Caronte de Carlos Vila Sexto.</p> <p>Na miña opinión é un libro moi entretido, o cal agocha moitos misterios que che deixarán abralado.</p> <p>Conta a historia duns rapaces que pasan o seu último verán xuntos descubrindo segredos da vila onde viven, Cabo Lázaro.</p> <p>Seguro que vos fai máis ameno este confinamento.</p> <p>Ainhoa Reja, 2ºESOB</p>	<p>Os nenos da variola de María Solar</p> <p>É un libro moi interesante e entretido. A través das súas páxinas vas meterte nunha gran historia aprendendo sobre unha enfermidade que nos atacou anos atrás. A súa lectura fíxoseme moi amena. Encantoume.</p> <p>Sabela López Saavedra 3º A</p>	<p>O libro que máis me gusta é Los cinco y la isla del tesoro e a súa autora é Enid Blyton.</p> <p>O texto trata de tres nenos que, de forma inesperada foron a parar á casa da súa prima que nin sequera a coñecían. Foron a unha illa eles catro cun can que lle pertence ao seu tío. Cando chegaron á illa unha tormenta achegouse. Quedaron encerrados ali. Mentres investigaban a illa encontraron ouro. Despois de ser perseguidos regresaron a súa casa. A min gústame moito os libros de aventura, por iso volo recomendo.</p> <p>Xoel Prado, 1ºESO</p>

LUZ POZO GARZA

1922-2020

Naceu en Ribadeo en 1922 e viviu unha temporada en Viveiro. O pai, republicano, foi encarcerado no transcurso da Guerra Civil e trasladouse coa familia a Lugo. A consecuencia desta situación, a familia estivo unha temporada vivindo en Marrocos. Realizou estudos de solfexo e licenciouse en Filoloxía Románica, para logo exercer a docencia durante moitos anos en diferentes vilas galegas. Ademais do seu labor como escritora, tamén destacou como editora e crítica literaria. En 1975 fundou a revista *Nordés*, xunto con Tomás Barros. Tamén dirixiu a revista *Clave Orión*.



En 1949 publica o seu primeiro libro, en castelán, *Ánfora*. O seu primeiro libro en galego é *O paxaro na boca* (1952), un canto á vida e ao mar, malia a época que lle tocou vivir.

Logo continuará publicando a súa obra en galego, como *Últimas palabras/Verbas derradeiras*, *Concerto de outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992) e *Vida secreta de Rosalía* (1996).

Outras obras máis recentes son: *Medea en Corinto* (2002), *As vodas palatinas* (2005), *As arpas de Iwerddon* (2005), *Deter o día cunha flor* (2009) e *Rosa tántrica* (2016), entre outras.

Como ensaísta publicou tamén obras, entre as que están *A bordo de 'Barco sin luces'* sobre o escritor lugués Luís Pimentel. ou *Ondas do mar de Vigo: Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo* (1996).

A obra de Luz Pozo Garza está adscrita á chamada Promoción de Enlace, que é a xeración daqueles escritores/as nados na década dos anos 20, situada entre a xeración do 36 e a das Festas Minervais. Recibiu numerosos premios: Medalla Castelao (1995) ou o Premio Trasalba (2019), entre outros. En 1996 foi nomeada académica de número na Real Academia Galega (fora nomeada en 1950 membro correspondente) cun discurso "Diálogos con Rosalía". A escola de idiomas da súa vila natal leva o seu nome. A súa obra foi traducida a moitas linguas: portugués, catalán, inglés, ruso, francés... Morreu o 20 de abril de 2020 na Coruña.

Principais fontes de consulta:

- <https://academia.gal/>
- <http://escritoras.com/escritoras/Luz-Pozo>
- https://gl.wikipedia.org/wiki/Luz_Pozo_Garza

Colaboraron na redacción deste texto Lucía Rego Escribano, Sara Suárez Redondo e Verónica Díaz Barreiro, alumnas de 2º de Bacharelato.

Chovía en Compostela

“O ar semellaba unha camelia branca
que se tornase en chuvia en sombra en pura ausencia.
Sombras escuras.
Columnas primordiais con volume románico.
Mais non estabas ti...”

CONTINUADORES/AS DA TRADICIÓN...

Este curso continuamos a sección “Os/as gardiáns/gardiás da tradición”, na que lembramos -e seguiremolo facendo- as historias que chegaron ata nós, grazas aos nosos e ás nosas. Se eles e elas deixaron moitas historias que perduraron no tempo, por que non imos ser nós @s que comecemos a compartir oralmente o que escribimos? Meu dito, meu feito!

No blog do **Club de Lecturas e Andanzas** compartimos unha morea de creacións na voz dos seus/súas autores/as: covas, bolboretas, monstros, soños, libros máxicos... e moitas historias máis!

<https://lecturaseandanzas.blogspot.com/2020/02/continuadors-da-tradicion.html>

Candela Fernández (2ºESOB) achega na súa voz o seu conto: "Inxustiza por tamaño"

Por lecturaseandanzas
Candela Fernández escribiu e le o seu conto: Inxustiza por tamaño

REPRODUCIR 00:00 01:20


Descargar APP

Jennifer Villamarín (2ºESOB) achega na súa voz o seu conto: "A bolboreta xoaniña"

Por lecturaseandanzas
A bolboreta xoaniña, conto escrito e lido por Jennifer V., 2ºESOB

REPRODUCIR 00:00 02:14

Descargar APP



PALABRAS PARA A CORENTENA

O COVID-19 obrigounos a quedar na casa, pero deunos motivos para a creatividade: haikus, reflexións, poemas, cancións, desexos... porque son moitas as sensacións que vivimos.

Haikus

Lagoas, ríos,
praias, montañas, ceo.
Nostalxia, pena.
Sara P., 1º ESO B

Confinamento,
inmunodeficiencia,
radiografía.
Jairo, 1º ESO B

Temor, tristura,
esgotamento, noxo,
aburrimiento.
Xoel, 1º ESO B

Amor, familia,
aplausos, gratitude
con esperanza.
Iria B., 1º ESO B

Coronavirus,
medicina heróica:
sanitarios.
Bieito, 1º ESO B

Reflexións

#QuédateEnCasa, #EuQuedoNaCasa. Moito hashtag, pero hai xente que non o cumpre. É importantísimo cumprir a corentena, tan fundamental como lavar as mans e non tocar os ollos, o nariz e a boca.

Non viaxes, salvo se é imprescindible. É conveniente que manteñamos as distancias de seguridade cando imos á compra, por exemplo. Un ten que ser responsable das súas accións. Antes de saír á compra poderíamos preguntarnos, de verdade precisoo xa? Se todos somos tan responsables como deberíamos, poderemos frear os contaxios. Aínda que na corentena faga un tempo moi bo e dean ganas de saír á rúa, debemos aguantarnos. Aguanta polos teus, polos demais e por ti!

Iria R. (1ºESOB)



Día un, día dous, día tres,
día dez, perdín a conta,
o retiro, o illamento,
a curva, o pico, o estrés,
a hixiene e o hidroxel,
a incerteza polo descoñecido,
a improvisación sobre a planificación,
a crise, o paro, a adaptación,
o teletraballo, a Aula Virtual,
Internet, videoconferencias,
xogos online, Netflix,
aburrimiento na casa,
a rutina, o café dos sábados,
as lavadoras sen descanso,
o conxelador a desbordar,
os retos a distancia,
os veciños, os mensaxeiros,
comezos e finais,
un intre para a creatividade,
a música, os himnos,
os vídeos, os aplausos,
a esperanza.

Uxía Sierra Rouco, 4º A

Cunha voz de alarma
todo empeza a pasar
toda a xente escandalizada
non para de mercar.

Noticias falsas sen tregua
e non podemos deixar de pensar
toda a xente está en alarma
as máscaras estanse a esgotar.

Nós volvemos pensar
pola xente que as necesita de verdade
por que as temos que acaparar
e non doalas á caridade?

Tódolos países en alarma.
Agora nós empezamos a axudar
dándonos de conta do importante
que é poder abrazar.

A contaminación empeza a baixar
os paxaros volven cantar
os delfíns a nadar
o mundo xa pode respirar.

Todos nas súas casas
buscando actividades para rir
miran o balcón ou pola fiestra
e danse de conta da presenza dun veciño alí.

Isto non é tan malo
agora empezamos a valorar
as cousas do noso mundo
e sabemos que este non para de xirar.

Agora xa sabemos apreciar
canta falla nos fai amar
e o confinamento algún día vai rematar
pero isto o temos que lembrar.

Lucía Varela González 4ºA

Poemas

Estatua acéfala posta nun recuncho,
e ponse en acción inmediateamente: aluga a miña habitación,
no seu bendito corazón,
do ceo é a inclinación.

Constante paredón
é mirar xuntos na mesma dirección.
Quérote contra todo o que é só ilusión,
nos latexos do meu corazón.

O amor e o odio mobilizan ao mundo, sen eles, o mundo carece de razón,
consente en ceder cando teñas razón,
vodas desperdiciadas de impotente home,
as portas da emoción.

Procuremos, por tanto, o que fomente a paz e a mutua edificación,
os privilexiados arriscarán sempre a súa completa destrución,
o silencio é a gran arte da conversación,
as escolas son a base da civilización.

Antonio Jesús Ación Pérez, 4º A

O coronavirus, a unión senlleira, os agarimos, os xogos de mesa,
o confinamento, a literatura negra, o medo, o pixama todo o día,
o can, a distancia, o fútbol, o aburrimiento, os aplausos, o silencio,
os estudos, as fiestras, as voces polos balcóns, a humildade,
os avós, a música na habitación, os paseos, a amizade,
o sol, o aire, o rock & roll, a familia, o sofá, a Internet,
as lambetadas, o espertar, as cousas da familia, os berros,
os libros de suspense, as películas, a preocupación,
as videochamadas, a política, a morte, a vida,
as series, o tempo só, a intriga, o parchís,
as tarefas, as mentiras, o deporte, o cine coas amizades,
as horas, as bágoas, a esperanza, o instituto,
as rifas entre nós, a aldea, a primavera, o que son,
os xogos ás cartas, os veciños, a anguria, a aula virtual,
os concertos nas redes, a tristura, o estrés,
a orde, o non madrugar, o pensar, os recordos, o que falta,
a desinfección, o falar, a repostería, os cantos ás 20:00,
o verán, as ceas de familia, o non saber, a natureza,
o deserto, a morriña, o mar, os pensamentos, a desesperación,
as dificultades, as noticias, a economía, a resistencia...

Jennifer Fernández López, 4º A

Poemas

Poema 1: Pido que a miña familia, amigos, como todos os habitantes de España, estean ben, tanto os que tiveron este virus como os que non. A outra cousa é que todas as familias pobres e nenos que non vivan nun lugar favorecido poidan ter uns cuidados e alimentación saudable. *Alhoo Reijo, 2º ESOB*

Poema 2: O meu desexo é que, despois disto, regresemos outra vez ás nosas vidas pero, cunha grande lección aprendida. Debemos tomar estes momentos para reflexionar sobre a importancia das cousas e das persoas. Agradecer sen límites a todos os que se sacrifican, día e día, polos demais, sen pensar en eles mesmos. É ter moi presente que todos estamos xuntos neste virus. *Alexandre Fraga, 2º ESOB*

Poema 3: O meu desexo é que a corentena acabe e todo volva ser normal e poder ir ao instituto de novo, falar cos meus amigos e que non volva pasar isto outra vez. *Anaís Ocampo, 1º ESOB*

Poema 4: O meu desexo é que todo o mundo volva á normalidade, con saúde e que poidamos estar todos xuntos e felices de novo. *Celia Rodríguez, 2º ESOB*

Poema 5: O meu desexo é que todo isto pase pronto e que todos esteamos ben de saúde. *Iván Somaza, 1º ESOB*

Poema 6: A min gustaríame volver á normalidade. Creo que este confinamento fíxonos aprender a valorar as pequenas cousas como ir a tomar algo ou o simple feito de dar un paseo cos teus amigos. Tamén desexo ver á xente que quero e que boto de menos. *Sabela López, 3º A*

Poema 7: O meu desexo é que pronto poidamos saír todos fóra e volver ás escolas, que todos poidamos pasalo ben cos nosos amigos e familia, e que as persoas poidamos deixar de ter medo. *Saifu Tián, 2º ESOB*

Poema 8: O meu desexo é que acabe todo isto para poder ir ao camping e poder ver aos meus amigos que levo moito tempo sen velos, xa que viven en Asturias, en Madrid, no País Vasco. É teño moitas ganas de velos. *Xoel Prado, 1º ESOB*

Poema 9: Oia, San Yoel, un rapaz de 13 anos! O meu desexo é que se acabe too isto do confinamento que é moi aburrido estar sempre na casa. Pero agora déixannos saír unha hora á rúa a airearnos un pouco e tamén para poder xogar cos amigos. Desexo que isto acabe xa!! *Yoel Barrios, 2º A*

Poema 10: Nestes momentos de crise e en medio desta pandemia, o meu desexo é que isto pase o máis pronto posible para poder volver ás clases e á normalidade, sen ningún morto ou polo menos moi poucos e que ningún deses mortos sexan da miña familia ou das persoas que quero. *Aitana López, 2º ESOB*

Poema 11: Os meus desexos, son que todo volva á normalidade canto antes, poder saír fóra e pasear pola rúa. Poder darlles un abrazo e un bico aos meus familiares que tanto boto de menos. Ter unhas clases normais e presenciais. Quero viaxar sen restricións e sen medo. Pero o máis importante é que todos e todas esteamos ben. *Jennifer Villamarín, 2º ESOB*

Poema 12: O meu desexo é saúde, forza e ánimo para tod@s, xa que isto superarámo-lo xuntos. Tamén, que o alto número de falecidos remate canto antes e que todas as familias poidan despedirse dos seus seres queridos como se debe. *Jennifer Fernández, 2º ESOB*

Poema 13: O meu desexo é que isto remate; saír todo o día, volver pola noite, correr polas praias, correr polas montes. Montar a caballo sería bo oficio, quedarme na casa é un sacrificio. Quero ver natureza, dáme fortaleza. Nader por ríos, lagoas e mares, non quero piscinas non sen naturais. *Sara Pico, 1º ESOB*

Poema 14: O meu desexo durante este confinamento é que acabe canto antes para poder estar cos meus amigos, familiares, etc. Por outra parte, estar en confinamento ten unha vantaxe, que podes pasar máis tempo cos teus pais e irmáns. Pero de todas formas é mellor estar como antes. *Patricia Lombardi, 2º ESOA*

Poema 15: O meu desexo nestes días é que isto pase o máis rápido posible. Saúde para todas as persoas. Desexo poder volver abrazar a xente que quero, a miña familia, e poder volver xogar co meu afillado. Desexo que despois disto sexamos persoas novas e vexamos as cousas doutro modo. *Maria Penín, 2º ESOB*

Poema 16: Eu desexo facer unha gran quedada cos meus amigos e facer un gran festiño nalgún parque de atraccións enorme, e despois cara a noite ir tomar algo xuntos cos nosos pais. Ao rematar iríamos para unha discoteca e bailaríamos e rir todos e todas xuntos ata as tantas. *Blaiz Martínez, 2º ESOA*

Poema 17: Desexo saúde para todos os seres vivos da Terra. *Karlo Ocampo, 1º ESOB*

Poema 18: Eu o que desexo agora mesmo é que remate todo isto que está a suceder, poder ver a miña familia e volver ao instituto. *Lara Velja, 2º ESOB*

Poema 19: Desexo que isto acabe pronto, xa que boto de menos o instituto, poder saír da casa, quedar cos amigos e ver os compañeiros, amigos e, como non, a familia. É os que lamos con Dolores ámoslle facer unha sorpresa que era r vitala. *Eider Pardo, 1º ESOB*

Poema 20: O meu desexo é a saúde. Saúde para os heroes que se están xogando a vida por nós, como os sanitarios, policías, bombeiros, etc. Saúde para todos nós que achegamos a noso gran de area quedando na casa. E, como non, saúde para os máis maiores e vulnerables. *Candela Fernández, 2º ESOB*

Reflexións

Xa sei que permanecer estes días, semanas... na casa é aburridísimo, pero non alarmarse, para que? Ademais estou segura de que ter medo sobre a situación non é nada bo psicolóxicamente. Estou de acordo en que debemos ter precaución, porque non é tanto coma unha gripe, pero tede paciencia!

Se imos ter que estar un tempo na casa, levarémolo mellor se estamos tranquilos, se tomamos as máximas precaucións e evitamos saír se non é preciso. Pero non só por nós mesmos, tamén polas persoas que teñen máis risco ca nós.

E por que non debes alarmarvos? Porque o COVID-19 é menos perigoso que as enfermidades coma o cancro, o ébola... O problema que ten é o seu alto risco de contaxio. Entón, debemos permanecer na casa para non producir máis contaxios, porque canto máis se estenda o virus máis risco de mortos haberá, xa que si é verdade que ten un índice de letalidade maior ca unha gripe. Pero tranquilos, que de todo isto sairemos, estou máis que segura!

É IMPORTANTE NON PERDER A PACIENCIA!

Sara P. 1ºESO B

Isto da corentena e o coronavirus é máis grave do que parece. Aínda que non sexa tan grave coma outras pandemias e epidemias, segue sendo moi preocupante, máis que unha gripe, como din algúns.

Nós debemos traballar e axudar para ir en contra deste virus, como recomendan os médicos que tanto nos axudan.

Non hai que ser sapientísimo para decatarse do que pasa. Débete quedar na casa polo ben dos teus familiares e amigos, por isto #quédatenacasa#, porque tamén podemos facer esta corentena divertida.

Cando isto remate atoparémonos contentísimos!

Bieito, 1ºESO B

Ola! Quérovos dicir moi seriamente que é mellor quedarse na casa, sobre todo polo gran valor de coidar os nosos avós, que son os máis desprotexidos. Pola xente valente que ten que traballar fóra, por exemplo, miña nai é moi valente, xa que ten que ir todos os días traballar ao hospital. Sei que leva un gran medo, pero ela intenta minorizalo para non preocuparnos. Temos que ficar na casa tamén pola xente dos supermercados, por todos eles e elas, por min, por ti e por todos: QUEDA NA CASA!

Jairo 1ºESO B

Rexurdir

20/04/2020

Díxenche "ven".

Entra nos meus pensamentos
e acompaña o meu sufrimento,
o meu silencio
e cada un dos escarmentos
de mar e espuma,
que acumula e que suma,
que remove, que promove,
e que postula un trato de favor á nosa química.
Que entra e rompe
contra o muro de "nonqueros" e "nonpodos",
que arrasa e devasta
pero compón e realza.

Por iso, ven.

Constrúe e derrúe
con rocha e onda
con entendemento,
pero tamén con impedimento.

Díxenche "quédate"

aínda co infinito mar ante ti,
imperante e próximo.
A xema da túa alma
aloumiñaba o inhumano,
e ti rexeitaches o non mundano
para ficar co máis sinxelo abxecto,
contrario superheroe
que colma as túas faccións
dun tinte tenro de decisión.
Os teus pómulos arrebolábanse,
mirabas, rías, ruborizábaste
e tan só o mar e mais eu respirabamos
a doce esencia das túas hormonas.

O xabre mestúrase co vento que
garda o segredo dos teus ollos e eu
chea de antollos,
podía mirarte sen abrollos,
poñendo un ferrollo
entre a fealdade
e ti.

Aínda nos meus recordos me encollo,
e incluso con anteollos
non vexo máis que dous nebulosos cadrifollos.

Gwenaëlle Álvarez Pouliquen, 4º A

RELACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS REALIZADAS DURANTE O CURSO 2019-2020

- Charla da misioneira Ana López Castaño.
- Taller de reciclaxe.
- Contacontos en francés, por Samuel Mountoumjou.
- Actividade na Aula Newton: «Voamos cos números».
- Charla a cargo de ADEGA: os residuos e as 3 RS.
- Andaina ata a ribeira do río Miño.
- Concurso de fotografía: “Un mes, unha muller!”.
- Charla sobre os riscos da Internet.
- Visita á Casa da Auga na Coruña.
- Visita ao recinto EXPOURENSE.
- Curso de colocación e demostración de uñas esculpidas.
- Rutas literarias polo Museo Provincial de Lugo.
- Curso de maquillaxe.
- Visita ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo.
- Taller de maquillaxe relacionado co Samaín.
- IX Maratón de cine do club de lectura, “Argalleir@s das letras”.
- Concurso: «Bótalle unha man ao noso planeta. Separa o lixo con xeito!!»
- Charla coa presidenta da asociación contra a violencia de xénero Si, Hai Saída.
- Taller de creación literaria coa escritora Yolanda Castaño.
- Visita ao CEI Nodus.
- Andaina ata a ribeira do río Miño.
- IX Concurso “LUCUS INTERCENTROS”.
- Asistencia á representación teatral: *Class of Vampires*.
- Conferencia de Emilio Varela falará sobre: Atlantis, a ciencia do mito.
- Asistencia á representación teatral en francés de *Quasimodo*, Bohème Théâtre.
- Asistencia á representación teatral: *Poeta en Nova York*.
- Visita empresa cosméticos IUVENOR e balneario de Lais.
- Actividade pedagóxica-literaria Da literatura ao cinema: *O pai de Migueliño*.
- Visita ao CEIP Paradai para celebrar o Día da Paz.
- Charla informativa sobre «Enfermidades de transmisión sexual».
- Viaxe de estudos a Ámsterdam.
- Concurso de disfraces e celebración do Entroido.
- Charla da misioneira Rosa María de los Reyes.
- Visita a BIOCULTURA, feira de Produtos Ecolóxicos e Consumo Responsable.
- Celebración do Día de Rosalía de Castro.
- Asistencia á representación: Ifigenia en Aulide de Eurípides.
- Concurso fotográfico: #fotoconclaselll
- Celebración do Día da Muller con Feminino Plural.
- Celebración do Día do Libro.
- Celebración do Día das Letras Galegas 2020.



**Moitas grazas a todos/as
polo voso traballo!**

**Tras a tormenta chega a calma
e volveremos gozar de todo!**

